

**CONTIDOS****1.ª AVALIACIÓN**

Orixes e evolución do latín. Alfabeto, pronunciación e acentuación. Declinacións (agás a 3ª temas en -i). Valores esenciais dos casos. Conxugación: Indicativo do tema de presente (regulares e SUM). Exercicios de análise morfosintáctica e tradución axeitados. Expresións latinas, etimoloxía e derivación e léxico dos temas correspondentes. Historia de Roma. Romanización de Hispania e Gallaecia.

**2.ª AVALIACIÓN**

Terceira declinación. Temas en -i. Comparativos e superlativos. Declinación dos pronomes-adxectivos. A coordinación. A subordinación. A subordinación adxectiva. Tempos do modo subxuntivo do tema de presente e de indicativo e subxuntivo no tema de perfecto. Exercicios de análise morfosintáctica e tradución axeitados. Expresións latinas, etimoloxía e derivación e léxico dos temas correspondentes. Mitoloxía e relixión, organización política e órganos de goberno, obras públicas e urbanismo.

**3.ª AVALIACIÓN**

Repaso da declinación e da conxugación activa. A voz pasiva. A subordinación adverbial e sustantiva. Formas no persoais do verbo: infinitivos e participios. Verbo SUM e compostos. Exercicios de análise morfosintáctica e tradución axeitados. Expresións latinas, etimoloxía e derivación e léxico dos temas correspondentes. Arte romano, o exército.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

Actitude	10%		
Conceptos e procedementos	90%	Probas escritas	80%
		Traballo diario	10%
		Lecturas	

Haberá un número mínimo de 2 probas escritas por avaliación, cunha parte teórica e unha parte práctica. Nelas integraranse o contido dos diferentes bloques. A media das probas suporá o 80% da nota complementada polo traballo diario e a actitude ata acadar o 100% da cualificación. A avaliación será continua, recuperando cada unha a anterior. A nota final sairá das notas parciais de avaliación, contando 1/6 a 1ª, 1/3 a 2ª e 1/2 a 3ª, sen perxuízo do cumprimento do exposto anteriormente. Cando o resultado das operacións anteditas sexa un dígito igual ou superior a 5 considerarase a avaliación ou a materia, segundo o caso, aprobada. No caso de detectar que se copia nos exames retirase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero. A proba de setembro será similar ás do curso, abarcando de xeito proporcionado os contidos esenciais dos diferentes bloques.

**PLAN DE LECTURA ANUAL**

Hora de Ler: Si/Non

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...**

**Actividades extraescolares:** Este apartado queda no aire polo de agora. A escaseza de alumnos e a actual coxuntura económica dificultan a planificación deste tipo de actividades. Dependemos da coordinación con outros departamentos para que a actividade non sexa pouco rendible. Ó marxe disto, contamos coa posibilidade de acudir a algunha representación de teatro clásico, sempre que sexa pola nosa zona e non supoña un esforzo económico desmedido.

**Contribución ó uso das TIC:** Utilizar contidos de internet vencellados ós diferentes aspectos da asignatura (v. recursos didácticos)

